

Biblioteca Universitaria
de Santiago de Compostela

Guía do fondo antigo de monografías
da Biblioteca Xeral da Universidade
de Santiago de Compostela:
literaturas hispánicas
(Séculos XV-XVIII)

Preparada e disposta por

CELIA COUCE CACHAZA • JOSÉ M. DÍAZ DE BUSTAMANTE
MARÍA VIRTUDES PARDO GÓMEZ • DARÍA VILARIÑO PINTOS

2000

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

Prefacio	7
LISTADO DE AUTORES E OBRAS.....	11
Índice de palabras contidas nos títulos	127
Índice de títulos.....	185
Índice de lugares de impresión.....	229
Índice de impresores.....	235
Índice de anos de impresión.....	247
Índice de signaturas	255

Prefacio

A Guía que presentamos é a primeira dun proxecto que ten como finalidade facilita-lo labor dos investigadores proporcionándolles un conxunto de guías temáticas dos ricos fondos históricos da Biblioteca Universitaria.

Así, este traballo, debedor do extraordinario esforzo levado a cabo por J. M. Bustamante nos *Catálogos de Impresos*¹ da Biblioteca, é unha achega máis ós instrumentos de descrición que se publicaron nos últimos anos², e os máis recentes traballos de investigación que afondan no estudio das coleccións da nosa Biblioteca³. Basicamente consiste nunha guía dos devanditos Catálogos que tenta facer máis sinxela a recuperación da información, a través dos distintos índices.

A carón dos precedentes, o noso traballo está en débeda cos investigadores do proxecto da *Crolites* (Cronología de la literatura española) que moi xentilmente nos cederon a lista dos autores por eles elaborada para fixa-lo seu corpus, facilitando considerablemente o noso labor. Desexamos manifestar aquí a nosa gratitude a todos eles e, moi especialmente, ós Profs. Dres. Iglesias Feijóo e Rojo Sánchez.

Este volume recolle información sobre as monografías que a Biblioteca posúe no campo da literatura hispánica impresa entre os séculos XV e XVIII, ámbolos dous inclusive, entendendo por hispánico todo o producido na Península ou fóra dela, por autores peninsulares en calquera lingua. Consideramos literatura toda a produción dos autores incluídos no vasto

¹ *Catálogos de la Biblioteca Universitaria*, Santiago de Compostela: Universidad, (Secretariado de Publicaciones), 1944-1967 e, complementariamente, C. Otero Túniz, *Más libros y folletos de la Universidad Compostelana*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicaciones de la Universidad, 1982-1984.

² Pardo Gomez, M. V.: *Catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral*, (1998), Santiago de Compostela (Universidad), y Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca América: *Catálogos da Biblioteca América. III*, Monografías e publicacións periódicas. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1992 [i.e. 1993]

³ Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500": "La Biblioteca universitaria de Santiago en 1573" / Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500" en *Homenaxe a Daría Vilariño*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade, 1993, pp. 301-354 e Barreiro, X. L. (Coord.): *Sonos e soños da Razón. A Ilustración nas coleccións da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. Exposición e simposio "Ilustración e educación..."*, (1997), Santiago de Compostela.

repertorio da *Crolites*, ós que lle engadimos os correspondentes escritores latinos, portugueses etc. Se un autor figura na *Crolites*, recolleremos tódalas súas obras, pertenzan ou non ó eido do que normalmente se entende por literatura artística ou de creación.

A Guía estrutúrase como unha base de datos arredor do listado fundamental de autores-títulos, do que se deriva o conxunto de índices complementarios: de *palabras contidas nos títulos* (excluíndo, claro está, artigos, preposicións, partículas, etc.); de *títulos*; de *lugares de impresión* (ordenados baixo o nome moderno das cidades, pero conservando a lingua ou a grafía do pé de imprenta); de *impresores* (agrupados por xentilicios, para facilita-lo labor de estudio dos obradoiros familiares); de *anos de impresión* e de *signaturas*.

O criterio básico de ordenación dos índices é o alfabético, pero, atendendo máis a razóns de tipo práctico que académico, e tamén para non provoca-la aparición de incongruencias, non alterámo-la orde mecánica derivada da automatización informática, resultando, deste xeito, unha ordenación secuencial pura. Consecuentemente, dunha banda, non existe excepción ningunha a esta ordenación. Doutra, o feito de ser a coma un carácter ANSI máis alto que as letras implica que os apelidos dobres ou compostos aparezan antes que os simples.

O rexistro típico está construído do seguinte xeito: na cabeceira de cada ficha aparece un número en negra que sinala o ordinal do rexistro que está a seguir; a continuación figura o nome do autor ou, no seu caso, «—» que é o modo convencional de sinalar que a obra é anónima ou aparece catalogada como tal. O título da obra aparece sempre en cursiva, seguido dos datos de lugar de impresión, nome do impresor ou da institución que imprime e o ano. Nalgúns casos, seguen observacións que os autores cremos poden ser dalgunha utilidade, ampliacións da información catalográfica básica ou precisións de peso.

O conxunto dun número romano máis dous puntos máis un número en cifra arábica remite ó volume correspondente ó século no Catálogo de Bustamante ou, se figura «Ot.» ó dos suplementos de C. Otero Túñez, sendo nambolos dous casos o número arábigo o da ficha base da obra.

No exemplo que segue, «nº 223» significa que, na portada da edición orixinal, figura este número como propio dunha colección concreta ou dunha serie: deste xeito o lector pode emprega-lo dato para diferenciar as edicións ou as tiraxes distintas da mesma obra. A obra en si está descrita no número 11629 do tomo correspondente de impresos do século XVIII do Catálogo de Bustamante. Por último, e sempre entre chaves, figura a signatura, dato ó que concedémo-lo máximo coidado: ás veces figura máis dunha signatura, co que sinalamos que existen varios exemplares da mesma obra, separados normalmente por “;”.

1

—, *A falta de hecbiceros lo quieren ser los gallegos y Asombro de Salamanca... Comedia famosa.*, Barcelona, Francisco Suriá y Burgada, [17—], Nº 223, XVIII: 11629, [R.S.E. Papeles Varios 07-19]

Nalgúns casos, a nosa ficha corresponde a unha obra que, por algunha razón, non foi catalogada por Bustamante ou que ingresou nos fondos da nosa Biblioteca con posterioridade á publicación do Catálogo: en consecuencia, como non aparece rexistrada no mesmo, sinalámo-lo feito engadindo «*ad.*», é dicir, “adición”, no século que lle corresponda, ós Catálogos nos que baseámo-lo noso labor.

No exemplo seguinte, a obra foi engadida por nós ó Catálogo do século XVIII e leva a signatura do fondo de Variedades da Biblioteca da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela.

2

—, *A forza de huma alegría*, Lisboa, Antonio Gomes, 1791, XVIII: *ad.*, [R.S.E. Variedades 17-20]

As remisións a “chamadas de responsabilidade” procedentes dos rexistros máis complexos van engadidas á fin da entrada do autor correspondente ou en simple orde alfabética no lugar que lle corresponda se non hai unha entrada para o autor que sexa. Mediante este sistema remitimos ó número do rexistro da nosa guía, para facer máis axeitada e sinxela a recuperación dunha información que, de non facelo así, se perdería. No exemplo seguinte remítese á edición de Eusebio de Cesarea levada a cabo polo “Tostado” na que Almonacid foi responsable da recompilación e da modernización dos materiais previos, na edición do século XVII.

Almonazid, Ioseph de, *vid.* n° 1337

Outras cuestións de menor relevancia atinxen ós índices que ofrecemos, aínda que somos conscientes de que o conxunto da información que brindamos somentes pode ser valorada polos lectores que a precisen. A nosa intención é favorecer-la búsqueda complexa de información, incluso nos casos nos que o noso lector non coñeza máis que unha vaga e imprecisa referencia ó título ou autor, ou data, ou calquera outra noticia da obra que lle interesa.

Os autores

Compostela, abril de 2000